

PROCEDIMENTO

Seguimento e mellora das titulacións

CÓDIGO DO-0102 P1 ÍNDICE 04

REDACCIÓN

Área de Apoio á Docencia e
Calidade

VALIDACIÓN

Comisión de Garantía de
Calidade

APROBACIÓN

Xunta de Centro

Data e sinatura

Data e sinatura

Data e sinatura

Proceso

Xestión dos programas formativos

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	REDACCIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento (documentación marco).
01-03	2008-2011	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros baseándose fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade, remitidos desde a ACSUG.
04	20/03/2013	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoio á Docencia e Calidade)	Evolución do procedemento inicial «Revisión e mellora das titulacións do centro». Creación do procedemento coa denominación «Seguimento e mellora das titulacións». Nova codificación, trama de redacción e estrutura, e novos contidos.

Índice

I OBXECTO	3
II ALCANCE.....	3
III REFERENCIAS	3
IV DESENVOLVEMENTO.....	4
V ANEXOS	11

I OBXECTO

Recoller o sistema que permite asegurar a execución efectiva das ensinanzas conforme o recollido no plan de estudos da titulación correspondente e identificar as principais debilidades e as boas prácticas; todo, como punto de partida cara á mellora continua e como garantía para a acreditación dos títulos.

II ALCANCE

Titulacións oficiais de grao e mestrado adscritas ao centro. Exclúense os títulos interuniversitarios que se rexen polo establecido no convenio asinado. De non existir regulación específica no convenio rexeranse polo presente procedemento.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

Lexislación

- RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- RD15009/2008, do 12 de setembro, de rexistro de universidades, centros e títulos.
- Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde, do 20 de marzo de 2012, polo que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro.
- Documento do Consello Galego de Universidades: documento aprobado no pleno do 5 de novembro de 2007.
- Directrices xerais para o seguimento de títulos oficiais de grao e mestrado da Universidade de Vigo: documento aprobado polo consello de goberno da Universidade de Vigo do 5 de 2011.

Normas e estándares de calidade

- ENQA: Criterios e directrices para a garantía de calidade no espazo europeo de educación superior.
 - 1.2. Aprobación, control e revisión periódica dos programas e dos títulos.
- ACSUG, ANECA e AQU: Programa FIDES-AUDIT Documento 02: Directrices, definición e documentación dos sistemas de garantía interna da calidade da formación universitaria.
 - Directriz 09. Resultados para mellorar os programas formativos.
- ACSUG: Programa de seguimento de títulos oficiais.
- Norma UNE-EN ISO 9000: Sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.
- Norma UNE-EN ISO 9001: Sistemas de xestión da calidade. Requisitos.

Outros documentos de referencia

- Universidade de Vigo: documentos de axuda (referidos á convocatoria correspondente e publicados na web da Área de Apoio á Docencia e Calidade).
- Universidade de Vigo: cronograma (referido á convocatoria correspondente e publicado na web da Área de Apoio á Docencia e Calidade).
- Universidade de Vigo: anexo I. Modelo do informe anual de seguimento dos títulos da UVigo (autoinforme).
- Universidade de Vigo: anexo II. Información pública dos títulos oficiais: listaxe de información que se considera relevante de cada un dos títulos e proposta de contidos das páxinas web de centro e títulos.
- Universidade de Vigo: *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*.

III.2. Definicións

- Acreditación: procedemento legalmente establecido para avaliar os plans de estudo tras un período máximo de seis anos (no que se refire aos títulos de grao) ou catro anos (títulos de mestrado) dende a súa data de verificación.
(RD 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo, de ordenación das ensinanza universitarias oficiais.)
- Verificación: procedemento legalmente establecido para avaliar os plans de estudo antes da súa implantación nas universidades.
(RD 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo, de ordenación das ensinanza universitarias oficiais.)

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- ANECA: Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación
- AQU: Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya
- CGIC: Comisión de Garantía Interna de Calidade
- ENQA: European Association for Quality Assurance in Higher Education (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior)
- QSF: queixas, suxestións e felicitacións
- RD: Real decreto
- SGIC: sistema de garantía interna de calidade
- STO: seguimento de títulos oficiais

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Garantir que a xestión e o desenvolvemento xeral da ensinanza é coherente coa memoria de titulación inclúe os elementos adecuados de información pública e os mecanismos que permiten a mellora continua.


IV.2. Responsable do proceso


- Responsable ou coordinador/a do título


IV.3. Indicadores


No desenvolvemento do procedemento deben terse en conta os indicadores de resultados definidos no procedemento DE-02 P1 «Seguimento e medición».

IV.4. Diagrama de fluxo










IV.5. Ciclo de mellora continua do proceso (PDCA)



- (P)** Planificar: establecer os obxectivos e os procesos necesarios para acadar resultados de acordo cos requisitos, coas necesidades e coas expectativas dos grupos de interese e coas políticas da organización.
 - (D)** Desenvolver (facér): implantar os procesos.
 - (C)** Controlar (verificar): realizar o seguimento e a medición dos procesos e dos produtos e servizos respecto ás políticas, aos obxectivos e aos requisitos, ás necesidades e ás expectativas e informar dos resultados.
 - (A)** Actuar (aprender): tomar accións para mellorar continuamente o desempeño dos procesos.
- (UNE-EN ISO 9001)

V ANEXOS

Anexo 1: non hai anexos asociados a este procedemento

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Dispoñible na aplicación SGIC-STO?	Responsable de custodia (órgano/posto)	Duración	Clasificación*
Código	Denominación					
R1-DO0102 P1	Informes anuais de seguimento dos títulos	Electrónico	Si**	Responsable da titulación	Período total de vixencia dunha titulación + 6 anos	-
R2-DO0102 P1	Informes finais de avaliación dos títulos de ACSUG	Electrónico	Si**	Responsable da titulación	Período total de vixencia dunha titulación + 6 anos	-
R3-DO0102 P1	Informes de revisión interna	Electrónico	Si**	Responsable da titulación	Período total de vixencia dunha titulación + 6 anos	-

*Cúbrase só no caso de que o rexistro estea suxeito a condicións de permanencia adicionais ao período de arquivo de xestión (é dicir, cando é necesaria a súa transferencia posterior ao arquivo xeral).

**Xestiónanse directamente na propia aplicación dentro do programa anual de seguimento de títulos.